

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Visto que dende o ano 2016 o concello de Cambre ven desenvolvendo a **Romaría galaico romana "Galaicoi"**, co fin de celebrar unhas xornadas festivas onde se poña en valor o patrimonio arqueolóxico e o legado histórico dos antigos poboadores de Cambre, a través da recreación do mundo galaico - castrexo e do mundo romano.

Vista a necesidade de proseguir coa estratexia de facer da "Galaicoi" un produto turístico diferenciado e cada vez mais coñecido, que ademais de contribuír á posta en valor do patrimonio histórico e cultural de Cambre, achegue a visitantes ao termo municipal e xenere un importante impacto económico, tanto no comercio local como na hostalería, restauración e noutros sectores durante o fin de semana da súa celebración, dándolle continuidade ao obxectivo de posicionar a romaría "Galaicoi" dentro crecente conxunto de eventos turísticos de recreación histórica.

Visto que na situación actual, iniciativas que veñan a potenciar o turismo, o comercio e a hostalería locais, xunto coa posta en valor e coñecemento do patrimonio municipal e o desenvolvemento cultural cobran unha especial importancia, amplificada polo impacto que algúns destes sectores tan relevantes para a economía local están a sufrir nos últimos meses.

Visto que a concellería de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo ven programando anualmente a celebración da romaría galaico romana "Galaicoi", que conta cunha gran resposta tanto por parte das asociacións como da veciñanza.

Visto o elevado e crecente número de solicitudes que se veñen recibindo para participar na "Galaicoi" e, mais concretamente, para gozar das cabanas castrexas coas que o Concello acondiciona o Castromaior para recrear un castro da Idade de ferro, aconsellan fixar uns criterios xerais de aplicación ás entidades e particulares solicitantes de cabanas na tramitación e resolución das súas peticións, garantindo o cumprimento dos principios de igualdade, oportunidade e non discriminación.

Visto que resulta preciso conxugar o anterior interese xeral coa necesidade de velar pola seguridade das persoas participantes na Romaría e coa protección do Castromaior e o seu entorno.

Vista a necesidade de promocionar no termo municipal a participación da cidadanía no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións, co obxectivo de conseguir unha xestión mais sinxela, áxil e eficiente.

Visto o informe do técnico en promoción económica co visto e prace do concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, de data 28 de xuño do presente (CVD: BK6F7pe9kYiKjsITopPJ), no que se propón aprobar unhas condicións para a posta a disposición de cabanas castrexas durante a celebración da **VI Romaría galaico romana "Galaicoi"** durante os días 19, 20 e 21 de xullo de 2024, acordo

Primeiro: aprobar as condicións para a posta a disposición de cabanas castrexas durante a celebración da **VII Romaría galaico romana "Galaicoi"**.

1.- Obxecto das condicións

O obxecto das presentes condicións é regular o procedemento de solicitude e posta a disposición das cabanas castrexas das que dispoña o concello de Cambre na VII edición de celebración da romaría galaico romana "Galaicoi" (previsiblemente 30)

A posta a disposición das cabanas castrexas quedará condicionada, en todo caso, á dispoñibilidade efectiva por parte do concello de Cambre das mesmas, cancelándose o procedemento de posta a disposición no caso de que non se puidera contar con elas.

O concello de Cambre poderá reservarse o uso das cabanas castrexas que precise para proporcionar os servizos necesarios para o desenvolvemento da romaría “*Galaicoi*” (protección civil, organización, posto de mando avanzado, campañas institucionais, etc.)

2.- Ubicación das cabanas castrexas

As cabanas castrexas situaranse no Castromaior de Cambre, reproducindo na medida do posible a estrutura dun castro, nas ubicacións finais designadas polo Concello, sobre unha superficie total de aproximadamente 3.000 m².

3.- Entidades e persoas beneficiarias

Poderán solicitar cabanas castrexas as persoas xurídicas (asociacións, fundacións, organizacións non gobernamentais, agrupacións deportivas, culturais, políticas, etc.) xuridicamente constituídas e inscritas no rexistro correspondente e as persoas físicas (particulares).

As solicitudes de cabanas castrexas deberán presentarse para cada anualidade, xa que o feito de ter participado en edicións previas da romaría non da dereito a dispoñer de cabana para o ano 2024.

4.- Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes deberán presentarse debidamente cubertas e asinadas no prazo establecido nas presentes condicións:

- Na sede electrónica do concello de Cambre, no apartado de “Outros procedementos e trámites”:
<https://sede.cambre.es/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#varios>
- En calquera dos rexistros do concello de Cambre:
 - Casa Consistorial, rúa Adro, s/n, de 09:00 a 14:00 horas.
 - Servizos Múltiples do Temple, rúa Tapia, 3 (O Temple), de 8:30 a 11:00 horas.
 - A Barcala, rúa Río Barcés, 6 - 8 (A Barcala), de 12:00 a 14:00 horas.
- Cumprimentando o formulario habilitado ao efecto no enderezo seguinte:
<https://fm.addxt.com/form/?vf=1FAIpQLSeApy8sa1VYJZpMIOclZKZC2OEqZyyeTvs9MGWKAN7bFjQjQw>

Non se admitirán solicitudes que non se realicen a través da sede electrónica do concello de Cambre, nalgún dos rexistros municipais ou mediante o formulario habilitado ao efecto no enderezo indicado. Unha mesma entidade ou persoa non poderá presentar mais de unha solicitude.

5.- Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes poderán presentarse entre os días **1 de xullo e 10 de xullo de 2024**, ambos incluídos.

No caso de recibirse solicitudes fóra do prazo establecido, estas incluíranse por orde de recepción nunha listaxe de agarda, a continuación das solicitudes recibidas en prazo.

As entidades e persoas que figuren na listaxe de agarda poderán dispoñer de cabanas no caso de baixa das entidades ou particulares inicialmente asignadas para ocupalas. Esta circunstancia comunicárase a través dunha chamada telefónica e mensaxe ao móbil ou correo electrónico, debendo ser respondida ese mesmo día.

No caso de que a entidade ou persoa en listaxe de agarda non quixera dispoñer da cabana nese momento, deberá comunicar a súa renuncia por escrito ao Concello mediante un correo electrónico remitido ao enderezo turismo@cambre.org, coa finalidade de deixar constancia da renuncia e poder continuar avanzando coa listaxe de agarda.

6.- Documentación a presentar coa solicitudes

As solicitudes deberán presentarse debidamente cubertas e asinadas pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo "Solicitud" que figura como **anexo I** a estas condicións de posta a disposición ou **cumprimentandoo no formulario dispoñible electrónicamente**, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia do NIF da entidade ou do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante, **no caso de asociacións ou entidades non inscritas nos rexistros municipais, no caso de persoas físicas non empadroadas en Cambre ou no caso de non autorizar a súa consulta de oficio.**
- Declaración responsable e autorizacións, segundo o modelo do **anexo II**, ou **cumprimentando no formulario dispoñible electrónicamente**, contendo a autorización ao Concello para consultar de oficio a inscrición nos rexistros de titularidade municipal ou no padrón municipal. No caso de non conceder estas autorizacións, deberán aportarse certificados de inscrición nos rexistros de titularidade municipal ou informes/certificados de empadroamento no concello de Cambre, de ser requiridos estes.

7.- Autorizacións

- Para axilizar a tramitación das solicitudes, a inscrición das asociacións e entidades en rexistros de titularidade municipal e a condición de empadroado/a no concello de Cambre, poderá comprobarase de oficio polo persoal municipal.
- A solicitude de cabanas comportará a autorización pola entidade ou persoa interesada ao órgano xestor:
 - Para comprobar de oficio a inscrición nos rexistros municipais de entidades.
 - Para comprobar de oficio a inscrición no padrón municipal.
- Mediante a presentación da solicitude de cabanas castrexas a entidade ou persoa interesada presta autorización expresa ao concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos precisos referidos á posta a disposición. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre.
- Previa a posta a disposición das cabanas, poderá requirirse á entidade ou persoa solicitante cantos documentos, informes ou aclaracións complementarios considere oportunos e particularmente, cando non obren en poder do Concello:
 - Copia do NIF da entidade ou do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
 - Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
 - Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, acreditativa da personalidade xurídica no caso de persoas xurídicas ou da súa a inscrición no rexistro correspondente.

8.- Procedemento e criterios de posta a disposición

Para a posta a disposición das cabanas dispoñibles no ano 2024 avaliaranse as solicitudes recibidas, dándolle prioridade ás correspondentes ás **asociacións e entidades**, de conformidade cos seguintes criterios:

- En primeiro lugar, avaliaranse as solicitudes presentadas por parte de **asociacións e entidades**, e dentro destas, as solicitudes recibidas ordenaranse empregando os seguintes criterios:
 - Solicitudes de entidades ou colectivos que teñan o seu domicilio social en Cambre: 5 puntos.
 - Solicitudes de entidades ou colectivos que teñan participado en edicións anteriores da romaría “Galaicoi”: 0,5 puntos por cada edición, ata un máximo de 3 puntos.
 - Número de días nos que participaron na romaría “Galaicoi” no ano anterior (2023): 0,5 puntos por día, ata un máximo de 1,5 puntos.
 - Número de persoas coas que participaron na romaría “Galaicoi” no ano anterior (2023): 0,5 puntos por cada fracción de 10 persoas, ata un máximo de 1,5 puntos (0,5 si participou un número de ata 10 persoas, 1,00 puntos si participou un número de ata 20 persoas e 1,5 puntos si participou un grupo superior ás 20 persoas).
 - No caso de empate unha vez aplicados os criterios anteriores, utilizarase o criterio da orde de rexistro de entrada / presentación da solicitude.
- Avaliadas as solicitudes presentadas por asociacións e entidades, avaliaranse as presentadas por **particulares**, empregando os seguintes criterios:
 - Solicitudes de particulares empadroados/as no concello de Cambre: 2 puntos.
 - Solicitudes de particulares que teñan participado en edicións anteriores da romaría “Galaicoi”: 0,25 puntos por cada edición, ata un máximo de 1,5 puntos.
 - Número de días nos que participaron na romaría “Galaicoi” no ano anterior (2023): 0,25 puntos por día, ata un máximo de 0,75 puntos.
 - Número de persoas coas que participaron na romaría “Galaicoi” no ano anterior (2023): 0,25 puntos por cada fracción de 10 persoas, ata un máximo de 0,75 puntos (0,25 si participou un número de ata 10 persoas, 0,50 puntos si participou un número de ata 20 persoas e 0,75 puntos si participou un grupo superior ás 20 persoas).
 - No caso de empate unha vez aplicados os criterios anteriores, utilizarase o criterio da orde de rexistro de entrada / presentación da solicitude.

9.- Condicións de adxudicación das cabanas

Unha vez avaliadas e ordenadas as solicitudes recibidas, as cabanas asignaranse dende o servizo de Turismo e Patrimonio entre as solicitudes recibidas. Na designación das ubicacións finais respectaranse, de ser posible, os emprazamentos de edicións anteriores.

A relación coas cabanas castrexas asignadas e a listaxe de agarda publicarase na páxina web municipal.

As cabanas castrexas poranse a disposición de forma individual entre os colectivos, entidades e persoas solicitantes, sen custe algún para os mesmos, de conformidade cos criterios que se establecen na condición anterior.

Do mesmo xeito, poranse a disposición das entidades e particulares alpacas e taboleiros cos que confeccionar mesas e cadeiras para o caso de que as solicitudes recibidas superen o número de cabanas coas que finalmente se conte.

10.- Obrigas do Concello

- Realizar os traballos necesarios para garantir o uso das cabanas castrexas das que dispoña en 2024 para as entidades e persoas solicitantes.
- Poñer a disposición das entidades e persoas beneficiarias as cabanas castrexas das que poidan dispoñer en 2024.
- Poñer a disposición das entidades e persoas beneficiarias puntos de auga para a subministración das cabanas castrexas durante a celebración da romaría galaico romana “*Galaicoi*”.
- Poñer a disposición das entidades e persoas beneficiarias puntos de recollida de lixo para a limpeza diaria e final das cabanas.

Nin as entidades beneficiarias nin os usuarios potenciais das cabanas estarán en relación de dependencia co Concello, polo que este non se fai responsable, nin directa nin subsidiariamente, dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase, poidan producirse dentro das cabanas.

11.- Horarios de acceso ao Castro

- Aos efectos de garantir unha axeitada e coordinada execución das tarefas de mantemento e organizativas (baleirado de papeleiras, limpeza de sanitarios, etc.), durante os días de celebración da Romaría o acceso ao Castro non estará permitido ata ás 9:00 horas (a.m.) para os membros das entidades ou particulares beneficiarios das cabañas e ata as 11:00 horas para o público en xeral.
- **Se establece a 1:00 horas (a.m.) como hora de peche do Castro para os días 19 e 20 de xullo de 2024.**
- **Non se permitirá a estancia no Castro despois do horario de peche.**

12.- Condicións de acceso ao Castro

- As entidades ou persoas beneficiarias poderán acondicionar e avituallar as cabañas asignadas entre as 16:00 e as 20:00 horas (p.m.) do xoves día 18 de xullo e entre as 10:00 horas (a.m.) e as 14:00 horas (p.m.) do venres día 19 de xullo de 2024.
- Iniciada a romaría o venres día 19 de xullo de 2024, as entidades ou persoas beneficiarias poderán reaprovisionar as súas cabañas entre as 9:00 e as 11:00 horas (a.m.) dos días 20 e 21 de xullo, facendo uso dos medios habilitados polo Concello. Fora deses horarios, soamente poderá accederse a pé ao Castro.
- Fora dos horarios anteriores nos se permitirá a circulación de vehículos dende a rúa Wenceslao Fernández Flórez ata o acceso ao Castro.
- A recollida das cabañas e do material usado nas mesmas deberá realizarse a partir das 21:00 horas (p.m.) do 21 de xullo, debendo quedar finalizado antes das 15:00 horas (p.m.) do día 22 de xullo de 2023.
- Non está permitido en ningún caso o acceso ao Castro con vehículos por parte das persoas beneficiarias, debendo valerse dos medios que o Concello habilite con esta finalidade no acceso ao Castro nas franxas horarias anteriormente indicadas durante a celebración da VI “*Galaicoi*”. O Concello poderá contar con vehículos e carros para facilitar as tarefas de acondicionamento e reposición de materiais no Castro.
- O acceso ao Castro con vehículos quedará exclusivamente reservada aos servizos municipais e ás persoas e empresas que presten servizos ou realicen subministracións necesarias para o desenvolvemento da Romaría por motivos organizativos, debendo en todo caso autorizarse expresamente polas persoas responsables da organización.

13.- Obrigas das entidades ou persoas beneficiarias

- Participar activamente na romaría galaico romana “*Galaicoi*” durante os días da súa celebración.
- Adornar as cabanas castrexas con elementos acordes coa época castrexa que se pretende recrear durante a celebración da romaría galaico romana “*Galaicoi*”.
- Acudir debidamente caracterizadas conforme á temática galaico castrexa da “*Galaicoi*”.
- Coidar das cabanas castrexas, da súa limpeza e orde, comportándose co debido civismo.
- Limpar, despois do seu uso diario, e depositar o lixo nos contedores habilitados ao efecto polo Concello, deixando as cabanas en idéntico estado ao da súa recepción.
- Poñer en coñecemento do concello de Cambre calquera deficiencia ou deterioración nas cabanas que advertisen de forma inmediata.
- Solicitar o oportuno informe de valoración aos servizos técnicos municipais no suposto de que se lles tivesen producido danos as cabanas.
- Responder dos danos e perdas que polo seu dolo ou negligencia se ocasionen nas cabanas.
- Aplicar as medidas que con respecto á seguridade, hixiene, prevención de lumes ou control de aforos habilite a organización ou ditén as autoridades competentes e estivesen vixentes no momento de celebración da Romaría.
- Respetar os horarios e condicións de acceso ao Castro e seguir as instrucións que con respecto das mesma se dite dende o Concello.
- Asistir á reunión co Concello, no caso de ser convocadas ao efecto, na que se informará das condicións de acceso ao Castro e medidas de seguridade e prevención.

14.- Actos prohibidos

As entidades e persoas usuarias das cabanas castrexas deberán axustar a súa actividade ás seguintes prohibicións:

- Non se autorizará a entrada nas cabanas castrexa de ningún tipo de animais, a excepción dos cans - guía debidamente identificados.
- Non se permite realizar actividades molestas e/ou que impidan a outras entidades ou persoas usuarias o normal desenvolvemento das súas actividades.
- Queda expresamente prohibido fumar no interior das cabanas castrexas.
- Está prohibido o cobramento, por parte das entidades ou particulares usuarios/as de calquera tipo de entrada ou "ticket" para poder gozar das cabanas castrexas.
- As entidades ou particulares usuarios/as non poderán ceder o uso a terceiros, nin sequera temporalmente, de todo ou parte da cabana castrexa posta á súa disposición.
- Non se autoriza a realización de lumes para recreo ou ocio.
- **Non se autoriza a realización de lumes** para a preparación de alimentos ou a utilización de equipamentos de queima e combustión destinados á iluminación ou á elaboración de alimentos, **agás nas áreas expresamente previstas ao efecto, que deberán contar** cos medios de control de incendios precisos (**extintores**), **debendo ser** en todo caso **expresamente autorizados pola organización**.

15.- Causas de revogación da posta a disposición.

Serán causas de revogación da posta a disposición das cabanas castrexas:

- A realización de calquera das condutas recollidas na condición anterior.
- A realización de actividades que podan supoñer un risco ou ameazar a integridade dos participantes e visitantes á Romaría.

- O incumprimento das normas da actividade ou das directrices dos responsables da romaría, especialmente en materia de seguridade, hixiene, horarios, actos prohibidos e control de aforos.

16.- Normativa aplicable

A participación no procedemento de posta a disposición das cabanas castrexas regulado polas presentes condicións supón o acatamento das mesmas. O feito de asinar a solicitude de posta a disposición implica a aceptacións das presentes condicións, incluíndo o tratamento de datos de carácter persoal e imaxes segundo a lexislación vixente.

En calquera caso, e de maneira supletoria e sempre en canto non entre en contradición coas presentes condicións, as condicións do uso do dominio público obxecto de autorización rexeráanse polo Regulamento de bens das entidades locais aprobado mediante Real decreto 1372/1986 de 13 de xuño, a Lei 33/2003 do patrimonio das administracións públicas, así como no que resulte aplicable pola ordenanza reguladora da inscrición das persoas participantes nos programas de actividades do concello de Cambre publicada no BOP núm. 31 do 30 de abril de 2014 (modificación BOP nº 112 do 14/06/2016).



ANEXO I: SOLICITUDE CABANAS CASTREXAS



ENTIDADE OU PERSOA SOLICITANTE

Razón social (entidades)		C.I.F.	
Apelidos e nome (particulares)		D.N./N.I.E.	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono	Correo electrónico		
Domicilio / empadramento	Entidade domiciliada en Cambre	<input type="checkbox"/>	SI <input type="checkbox"/> NON
	Particular empadroad/a en Cambre	<input type="checkbox"/>	SI <input type="checkbox"/> NON

TIPO DE ENTIDADE

<input type="checkbox"/> Asociación	<input type="checkbox"/> Fundación	<input type="checkbox"/> Agrupación cultural	<input type="checkbox"/> ONG
<input type="checkbox"/> Agrupación deportiva	<input type="checkbox"/> Agrupación política	<input type="checkbox"/> Outras (indicar)	

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N./N.I.E.
-----------------	-------------

ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións	
--	--

PARTICIPACIÓN EN EDICIÓNS ANTERIORES DA ROMARÍA GALAICO ROMANA "GALAICO"

Ten participado cunha cabana en edicións anteriores da Romaría	<input type="checkbox"/>	SI	<input type="checkbox"/>	NON		
Edicións nas que participou (anos)						
Nº de días nos que participaron na edición anterior (2023)	<input type="checkbox"/>	1 DÍA	<input type="checkbox"/>	2 DÍAS	<input type="checkbox"/>	3 DÍAS
Nº de persoas que participaron na edición anterior (2023)	<input type="checkbox"/>	ATA 10	<input type="checkbox"/>	ATA 20	<input type="checkbox"/>	MAIS DE 20

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade (de non obrar en poder do Concello)
<input type="checkbox"/> Declaración responsable e autorizacións (anexo II)
<input type="checkbox"/> Outra documentación (especificar)

Sra. alcaldesa do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de **coñecer e aceptar as condicións para a posta a disposición de cabanas castrexas durante a celebración da romaría galaico romana "Galaico"** do concello de Cambre, **solicita** a posta a disposición da correspondente cabana castrexa, de acordo co especificado nas condicións desta posta a disposición, **e declara que son certos todos os datos do presente documento.**

Cambre, de de 2024
Asdo,

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre

ENTIDADE OU PERSOA SOLICITANTE

Don / dona		con D.N.I / N.I.E.	
En nome e representación de (razón social)		con C.I. F.	

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido nas condicións de posta a disposición.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.**

AUTORIZA

- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre para comprobar de oficio que a asociación / entidade solicitante esta inscrita nalgun dos rexistros municipais existentes.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre para comprobar de oficio que a persoa solicitante estea inscrita no padrón municipal.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre, no suposto de ter a condición de usuario/a dunha cabana, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para poder acreditar o cumprimento da finalidade perseguida coa presente convocatoria.

COMPROMÉTESE, NO CASO DE DISPOÑER DUNHA CABANA CASTREXA

- A participar activamente na romaría galaico romana "Galaicoi" durante a súa celebración.
- A decorar a cabana castrexa con adornos acordes coa época castrexa que se pretende recrear.
- A procurar que os/as membros da entidade ou grupo acudan debidamente caracterizados conforme á temática galaico castrexa do espazo do Castromaior.
- A coidar da cabana, da súa limpeza e orde, comportándose co debido civismo e limpando e depositando o lixo xenerado nos contedores habilitados ao efecto nolo Concello.
- A poñer en coñecemento do Concello calquera deficiencia, deterioro ou danos sufridos nas cabanas no momento en que se coñeza.
- A adoptar as medidas que con respecto á seguridade, hixiene, prevención de lumes ou control de aforos habilite a organización ou diten as autoridades competentes e estivesen vixentes no momento.
- A non realizar actividades molestas e/ou que impidan a outras entidades ou persoas usuarias o normal desenvolvemento das súas actividades.
- Asistir á reunión co Concello, de convocarse, para recibir información das condicións de acceso ao Castro e da seguridade.
- Respetar os horarios e condicións de acceso ao Castro e seguir as instrucións que con respecto das mesma se diten dende o Concello.
- A aceptar as condicións que rexen a presente convocatoria.

<p>Cambre, de de 2024</p> <p>Asdo,</p>	<p>Advirtéselle de que, consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
--	--

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre

Segundo: publicar as presentes condicións na páxina web do Concello de Cambre.

A alcaldesa
M^a Dolores Pan Lesta